

CICLO TÉCNICO SUPERIOR EN
ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS
E DEPORTIVAS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**ACTIVIDADES FÍSICO-
DEPORTIVAS INDIVIDUAIS**

Curso: 2017-2018

ALVARO RIVAS ARES

ÍNDICE

1. Identificación da programación.
2. Concreción do currículo.
3. Relación de unidades didácticas, secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.
4. Unidades didácticas:
 - a) Identificación da unidade didáctica.
 - b) Resultados de aprendizaxe.
 - c) Obxectivos específicos da unidade didáctica, en relación coas actividades de ensino e aprendizaxe.
 - d) Criterios de avaliación.
 - e) Contidos.
 - f) Actividades de ensino e aprendizaxe e de avaliación: materiais, recursos necesarios e instrumentos de avaliación.
5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación.
6. Metodoloxía didáctica.
7. Procedemento para a recuperación das partes non superadas.
 - a) Procedemento para definir as actividades de recuperación.
 - b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.
8. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.
9. Medidas de atención á diversidade.
 - a) Procedemento para a realización da avaliación inicial.
 - b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.
10. Aspectos transversais.
 - a) Programación da educación en valores.
 - b) Actividades complementarias e extraescolares.
11. Modificacións propostas a programación do curso anterior.
12. Bibliografía.

1. Identificación da programación.

Este módulo versa sobre os contidos que se refiren os deportes individuais: natación, atletismo e ximnasia e como novidade inclúese una nova actividade deportiva como e a comba. Trátase de ensinar dende a lóxica interna dos contidos, a programar actividades físico deportivas dende o punto de vista da recreación e animación para grupos de persoas dadas, tendo en conta as características das instalacións e o material dispoñible e previndo as situacións de risco que a práctica dos deportes individuais pode levar consigo.

Teremos en conta que as habilidades específicas que se plantean dentro dos deportes individuais derivan ou son consecuencia do afinamento ou perfeccionamento das habilidades básicas, que dun modo utilitario empregou o home ó longo da súa existencia. Así correr, saltar, nadar ou lanzar foron habilidades necesarias para a subsistencia.

Non debemos esquecer que a necesidade de correr, saltar ou lanzar máis rápido ou máis lonxe, fixo, no momento actual, crear verdadeiros laboratorios de análise de novas técnicas que o facilitan. Agora ben, o enfoque recreativo e de animación deste módulo fará que teñamos que utilizar todas estas habilidades como xogos nos que o coñecemento e o control do corpo, a estruturación espazo - temporal ou a coordinación neuro - muscular e o equilibrio serán o soporte para chegar o xesto final máis eficaz e económico que configura unha habilidade específica.

Neste módulo polo tanto, o contido organizador de todo el, serán as habilidades motrices básicas utilizando o xogo como medio. Este binomio de contido e medio, transformarase nas habilidades específicas dos deportes individuais que imos a tratar. Temos de ter presente que na execución das tarefas motrices que propoñamos están implicados tamén aspectos cualitativos, polo que a relación dos contidos deste módulo cos de Fundamentos biolóxicos e as bases do acondicionamento físico será necesario.

Igualmente a elaboración de programas de ensinanza - animación de estes deportes fará que exista una estreita interacción co módulo de Metodoloxía didáctica das actividades físico - deportivas, así como co módulo de Xogos e actividades físicas recreativas de animación.

O centro educativo onde se desenrola esta programación é o IES Rosalía de Castro, no concello de Santiago de Compostela no ano 2017/18.

O ciclo formativo o que pertence este módulo é o de técnico superior en animación de actividades deportivas.

A normativa que da soporte á programación e a seguinte:

Decreto 91/1999 do 25 de Marzo polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente o título de técnico superior en animación de actividades físicas.

Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia (DOG do 12 de xullo).

Orde do 12 de xullo do 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (DOG do 17 de Decembro)

Orde 08/06/2015. DOG do 17 de Xuño polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2015/16 nos centros docentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Este ciclo formativo está dirixido a todas as persoas que queiran formarse como técnicos no ámbito deportivo e busquen unha competencia profesional no seguinte ámbito:

- Ensinar e dinamizar xogos, actividades físico-deportivas recreativas individuais, de equipo e con implementos.
- Actividades de acondicionamento físico básico, adaptándoos ás características do medio e ás dos participantes, conseguindo a satisfacción do usuario e un nivel competitivo de calidade, nos límites de gasto previsto.

Entendemos este documento como parte integrante do proceso de ensinanza aprendizaxe que parte e desarrolla o primeiro nivel de concreción curricular, referida o normativa de base para noso sistema educativo e nosa etapa e de segundo nivel de concreción curricular, e dicir, de decisións de centro no que se sitúan.

Con esta programación didáctica pretendemos:

- Asegurar a coherencia vertical e horizontal no ciclo formativo.
- Contextualizar o currículo oficial a nosa aula e contexto.
- Facilitar o proceso de ensinanza (como documento práctico de consulta).
- Minimizar a improvisación.

2.1 Os obxectivos xerais do ciclo son:

- Aplicando os procedementos e os fundamentos científicos e didácticos oportunos, confeccionar e implementar programacións de ensinanza/animación de actividades físico-deportivas individuais, de equipo e con implementos.
- Aplicalos fundamentos científicos e didácticos que deben considerarse no ensino para optimiza-la aprendizaxe das habilidades motrices elementais dos deportes individuais, de equipo e con implementos.
- Analizar e executa-las operacións necesarias para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas individuais, de equipo e con implementos.
- Confeccionar e implementar programacións de actividades básicas de acondicionamento físico, científica e didacticamente fundamentados, tendo en conta as características do público ó que se dirixen e as condicións do medio onde se van desenvolver.
- Coñecela lexislación vixente aplicable á seguridade e hixiene en ximnasia, polideportivos e piscinas, así como o procedemento a seguir en caso de diferentes sinistros, e domina-las técnicas de evacuación, rescate acuático e administración de primeiros auxilios.
- Caracterizar xogos de diferente tipo como recurso para optimizar aprendizaxes motrices ou dos outros ámbitos e valora-la metodoloxía lúdica en animación deportiva.
- Caracterizala profesión de animador de actividades físico-deportivas, contextualizándoa nos ámbitos de intervención social, lecer, recreación e turísticos.
- Verificala calidade da actividade realizada, confrontando os resultados obtidos cos resultados previstos, e interpreta-la información proporcionada polos clientes e por outros medios establecidos, identificando as causas ou motivos das posibles desviacións respecto ó previsto, introducindo as correccións oportunas co fin de que se consigan os obxectivos marcados.
- Comprende-lo marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona as actividades profesionais da recreación deportiva, identificando os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e adquirindo a capacidade de segui-los procedementos establecidos e de actuar con eficacia diante das continxencias que poidan presentarse.
- Utilizar e buscar fontes de información relacionadas co exercicio da profesión que posibiliten o coñecemento e a inserción no sector das actividades físicas e/ou deportivas e a evolución e adaptación das capacidades profesionais propias ós cambios tecnolóxicos e organizativos que se producirán ó longo de toda a vida activa.

2.2 Incidencia directa sobre os Obxectivos Xerais do Ciclo:

- Confeccionar e implementar programacións de ensinanza-animación de actividades físico - deportivas individuais aplicando os procedementos e os fundamentos científicos e didácticos oportunos tendo en conta as características do público o que se dirixen e as condicións do medio onde se van a desenrolar.
- Analizar e executar as operacións necesarias para o desenrolo de actividades físico - deportivas individuais.
- Coñecer a lexislación vixente aplicable a seguridade e hixiene en ximnasia, polideportivos e piscinas, así como o procedemento a seguir no caso de diferentes sinistros e dominar as técnicas de evacuación, rescate acuático y primeiros auxilios.
- Caracterizar a profesión de animador de actividades físico–deportivas, contextualizándoa nos ámbitos de intervención social, ocio, recreación e turísticos.
- Verificar a calidade da actividade realizada, confrontando os resultados obtidos cos resultados previstos. Este módulo levarase a cabo durante o 1º, 2º e 3º trimestre cun total de 210 horas lectivas.

2.3 Capacidades terminais da asignatura no módulo

- Analizar a complexidade, a dificultade e as técnicas de execución máis eficaces para a resolución das diferentes tarefas motrices do atletismo, ximnasia e natación, entre outros, describindo as fases de execución dos diferentes movementos técnicos.
- Enumerar e describilos exercicios de acondicionamento físico, tarefas para o desenvolvemento das habilidades básicas e específicas e xogos xerais e predeportivos que se podan aplicar ás actividades físico–deportivas individuais.
- Indicar e caracterizar os parámetros que deben considerarse para avaliar nivel de desenvolvemento motor, destreza, condición física e motivación, recoñecendo os distintos niveis de cada un deles nas actividades físico–deportivas individuais.
- Elaborar programas de ensinanza–animación de actividades físico–deportivas individuais para grupos de persoas dunhas características dadas.
- Indicar os recursos que se poden utilizar para motivar a persoa ou grupo participante e dar soporte ó proceso de ensinanza/aprendizaxe do atletismo, natación e ximnasia.
- Demostrar a forma de execución dos diferentes movementos técnicos, indicando os erros de execución máis frecuentes a partir dun modelo biomecánico óptimo das distintas actividades deportivas individuais.

- Describilas situacións de risco que se poden presentar no desenvolvemento das actividades deportivas individuais indicando as axudas necesarias.
- Avalialo proceso de ensinanza–aprendizaxe das actividades físico–deportivas individuais indicando tódolos parámetros que hai que ter en conta: obxectivos, actitude fronte ó grupo, contido, posición do animador...
- Interpretar correctamente as regras básicas dos deportes individuais, xustificando as posibles adaptacións destes ás necesidades dos usuarios.
- Definilas características do material específico, auxiliar e alternativo e as instalacións necesarias.

2.4 Relación dos contidos a traballar no módulo

INTRODUCCION AS ACTIVIDADES FISICO-DEPORTIVAS INDIVIDUAIS		
CONCEPTOS	PROCEDIMENTOS	ACTITUDES
<ul style="list-style-type: none"> - Deporte. Actividade física e xogos. - Clasificación do deporte. Deporte individual. - Deportes individuais e recreación. - Instalacións e material. 	<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos para o acondicionamento físico utilizando tarefas propias do deporte individual. - Planificación e utilización dos deportes individuais con fins recreativos. - Utilización do material e instalacións. - Utilización de espazos abertos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Respecto polo medio onde se practican as actividades físico deportivas individuais. - Valoración do aspecto recreativo das actividades físico–deportivas individuais. - Valoración das actividades individuais como medio de promoción da saúde. - Respecto polo regulamento das distintas actividades físico–deportivas individuais.
NATACIÓN		
CONCEPTOS	PROCEDIMENTOS	ACTITUDES
<ul style="list-style-type: none"> - A adaptación ó medio acuático: - Familiarización, respiración, flotación e propulsión. - Regulamento dos distintos estilos e probas. - Os diferentes estilos de natación: Crol, de costas, bolboreta e braza. - Instalacións e materiais: características. - As actividades acuáticas para persoas con discapacidades: modalidades, regulamento, instalacións e materiais. - Animación acuática. 	<ul style="list-style-type: none"> - Adaptación ó medio acuático. - Progresións da aprendizaxe en: familiarización, flotacións, respiracións e propulsións. - Aplicación dos diferentes estilos de natación: - Técnicas básicas dos estilos. - Progresións e exercicios. - Correccións. - Utilización do material e instalacións. - Prácticas de xogos de animación acuática e actividades de acondicionamento físico no medio acuático. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valoración das distintas actividades acuáticas como fonte e mellora da saúde. - Aceptación e respecto polas normas de utilización das piscinas e outros medios acuáticos. - Valoración das actividades recreativas no medio acuático. - Toma de conciencia sobre a importancia da técnica correcta dos estilos. - Valoración da participación nas actividades acuáticas como forma de integración social.
ATLETISMO		
CONCEPTOS	PROCEDIMENTOS	ACTITUDES

<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos básicos do atletismo: carreiras, saltos e lanzamentos. - Regulamentos das distintas modalidades e competicións. - Instalacións e materiais: características. - Atletismo para persoas con discapacidades: regras, modalidades, instalacións e material. 	<ul style="list-style-type: none"> - Metodoloxía de iniciación ó atletismo. - Técnicas básicas das carreiras, saltos e lanzamentos: exercicios de aplicación e asimilación, progresións, xogos predeportivos e aproveitamento lúdico. - Práctica do atletismo e adaptacións. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da práctica do atletismo para a mellora da saúde. - Actitude de autoesixencia e superación dos límites do propio corpo.
--	---	---

COMBA

CONCEPTOS	PROCEDIMENTOS	ACTITUDES
<ul style="list-style-type: none"> - Salto con comba como actividade lúdica, física e deportiva - Beneficios da actividade - Capacidades físicas e perceptivas requiridas na actividade do salto con comba 	<ul style="list-style-type: none"> - Diferentes saltos e coreografías - Progresións - Corrección mediante grupos ou parellas - Traballos de realización de vídeo tutoriais 	<ul style="list-style-type: none"> - Autoesixencia e superación - Posta en valor da relevancia do salto con comba nas actividades físicas nos ámbitos educativos e no traballo da condición física

ACTIVIDADES XIMNÁSTICAS

CONCEPTOS	PROCEDIMENTOS	ACTITUDES
<ul style="list-style-type: none"> - Concepto de ximnasia e actividades ximnásticas. - As modalidades de ximnasia: ximnasia deportiva e rítmica. - Regulamento das probas de ximnasia. - Instalacións e materiais: características. - As actividades ximnásticas para persoas con discapacidades: regulamento, modalidades, instalacións e materiais. - A expresión aplicada ás actividades ximnásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Progresións metodolóxicas de aprendizaxe ós diferentes elementos de actividades ximnásticas. - Utilización das axudas nas distintas progresións. - Práctica das modalidades de ximnasia con e sen aparellos así coma actividades rítmicas de carácter morfo cinético e soporte musical. 	<ul style="list-style-type: none"> - Toma de conciencia sobre a importancia das axudas correctas nas actividades ximnásticas. - Aceptación e respecto polas progresións metodolóxicas ás actividades ximnásticas. - Responsabilidade na utilización dos distintos aparellos das actividades ximnásticas.

- A ximnasia de mantemento e as actividades coreográficas e dirixidas coma medio de acondicionamento físico.		
--	--	--

3. Relación de unidades didácticas, secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha.	
Unidade didáctica	TEMPORIZACIÓN
Introducción ás actividades físico deportivas individuais	6 horas
Actividades acuáticas 1	23 horas
Actividades atléticas 1	23 horas
Actividades con combas	23 horas
Actividades acuáticas 2	24 horas
Actividades atléticas 2	24 horas
Actividades gimnásticas 1	24 horas
Actividades acuáticas 3	21 horas
Actividades atléticas 3	21 horas
Actividades gimnásticas 2	21 horas
Outras actividades individuais	9 horas

4. Unidades didácticas

Elementos das unidades didácticas do curso:

- a) Identificación da unidade didáctica.
- b) Resultados de aprendizaxe.
- c) Contidos
- d) TempORIZACIÓN
- e) Criterios de avaliación
- f) Actividades de ensino e aprendizaxe
- g) Materiais e recursos
- h) Actividades de avaliación e a súa xustificación

UD1. INTRODUCCIÓN ÁS ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS INDIVIDUAIS

RESULTADOS DE APRENDIZAXE QUE SE TRATAN

- Indicalos recursos que se poden utilizar para motiva-la persoa ou grupo participante e dar soporte ó proceso de ensinanza/aprendizaxe do atletismo, natación e ximnasia.
- Describilas situacións de risco que se poden presentar no desenvolvemento das actividades deportivas individuais indicando as axudas necesarias.
- Avalialo proceso de ensinanza–aprendizaxe das actividades físico–deportivas individuais indicando tódolos parámetros que hai que ter en conta: obxectivos, actitude fronte ó grupo, contido, posición do animador...
- Interpretar correctamente as regras básicas dos deportes individuais, xustificando as posibles adaptacións destes ás necesidades dos usuarios.
- Definilas características do material específico, auxiliar e alternativo e as instalacións necesarias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Introducción ás actividades Físico-deportivas individuais
- Coñecer os diferentes aspectos e manifestacións do deporte así como a dimensión lúdica, agonística, normativa e simbólica do mesmo.
- Coñecer e diferenciar os condicionantes da iniciación deportiva tanto a nivel intrínseco como a nivel extrínseco.
- Coñecer as características e diferentes clasificacións dos deportes individuais, así como as características das instalacións onde se practican habitualmente.
- Participar de forma activa nas diferentes actividades que se formulen e cooperar co grupo para lograr un clima de diálogo que permita chegar a conclusións.
- Valorar e respectar as opinións nos debates que en torno os conceptos tratados xurdan, así como enxuizar de forma crítica os diferentes artigos ou opinións que sobre estes conceptos aparezan nos medios de comunicación.

CONTIDOS

- Concepto de deporte, actividade física e xogos.
- A iniciación deportiva. Condicionantes intrínsecos e extrínsecos da mesma.
- Recursos didácticos segundo os modelos de iniciación deportiva propostos.
- Os deportes individuais. Concepto e clasificacións.
- Os deportes individuais e recreación.

- Características das instalacións e material propio dos deportes individuais: natación, ximnasia artística e atletismo.
- Procedementos para o acondicionamento físico utilizando tarefas propias do deporte individual.
- Utilización de diferentes recursos así como documentos para descubrir aspectos fundamentais sobre o deporte e os deportes individuais.
- Adaptación das actividades a diferentes espazos propostos para a súa adecuación á práctica dos deportes individuais.
- Planificación e utilización dos deportes individuais con fins recreativos.
- Disposición favorable á cooperación nos traballos grupais.
- Valoración e respecto das opinións que xurdan nos diferentes debates.

TEMPORALIZACIÓN

4-5 sesións no primeiro trimestre na auliña do Ciclo da planta baixa do Instituto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Indicar os recursos que se poden utilizar para motivar á persoa ou grupo participante e coñecer o proceso de ensinanza-aprendizaxe do atletismo, natación e ximnasia.
- Definir as características do material específico, auxiliar e alternativo e as instalacións necesarias.
- Coñecer as características e diferentes clasificacións dos deportes individuais, así como as características das instalacións onde se practican habitualmente.

ACTIVIDADES DE E/A E XUSTIFICACIÓN

Trátase da exposición, análise e comprensión de contidos para seren despois desglosados e estudados a nivel práctico nas outras unidades didácticas referidas os tres deportes a tratar que establece o currículo (atletismo, natación e ximnasia).

Para elo como soporte, ademais da exposición teórica traballarase en grupos a comprensión dos contidos mediante o análise de documentos, noticias, etc., para completar a súa asimilación e posterior desenrolo nas posteriores unidades coa súa asimilación práctica.

MATERIAIS E RECURSOS NECESARIOS PARA A SÚA REALIZACIÓN

- Aula
- Ordenador con canón proxector
- Retroproxector

- Periódicos e revistas
- Vídeos de youtube.
- Documentación escrita-apuntes, esquemas.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E A SÚA XUSTIFICACIÓN

Terase en conta a participación do alumno nos diferentes debates que sobre os temas propostos se produzan nas diferentes sesións. Como final da unidade didáctica os alumnos realizarán unha proba teórica de 10 pregunta curtas de relacionar os conceptos básico relacionados coas Actividades físico deportivas individuais.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Lista de asistencia.
- Probas individuais.
- Caderno do profesor.
- Lista de control da avaliación cualitativa.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE QUE SE TRATAN

- Enumerar e describilos exercicios de acondicionamento físico, tarefas para o desenvolvemento das habilidades básicas e específicas e xogos xerais e predeportivos que se podan aplicar ás actividades físico–deportivas individuais.
- Indicar e caracterizalos parámetros que deben considerarse para avalialo nivel de desenvolvemento motor, destreza, condición física e motivación, recoñecendo os distintos niveis de cada un deles nas actividades físico–deportivas individuais.
- Elaborar programas de ensinanza–animación de actividades físico–deportivas individuais para grupos de persoas dunhas características dadas.
- Indicalos recursos que se poden utilizar para motiva–la persoa ou grupo participante e dar soporte ó proceso de ensinanza/aprendizaxe do atletismo, natación e ximnasia.
- Demostrala forma de execución dos diferentes movementos técnicos, indicando os erros de execución máis frecuentes a partir dun modelo biomecánica mente óptimo das distintas actividades deportivas individuais.
- Describilas situacións de risco que se poden presentar no desenvolvemento das actividades deportivas individuais indicando as axudas necesarias.
- Interpretar correctamente as regras básicas dos deportes individuais, xustificando as posibles adaptacións destes ás necesidades dos usuarios.
- Definilas características do material específico, auxiliar e alternativo e as instalacións necesarias.

UD 2. ACTIVIDADES ACUATICAS 1

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer as características das instalacións e o material onde se van a desenrolar as actividades desta parte do módulo.
- Elaborar programas de animación na auga para grupos de persoas dunhas características dadas en base ós fundamentos da natación.
- Coñecer os aspectos fundamentais dos que depende o aprendizaxe da natación: a familiarización, flotación, a respiración e a propulsión.
- Mellorar e combinar as habilidades motrices básicas como base para a súa utilización no medio acuático.
- Programar actividades e tarefas analizando a súa dificultade e adecuación ó medio acuático tendo en conta a axuda necesaria para a súa execución.
- Prever e valorar as situacións de risco que se poden presentar no desenvolvemento das actividades, adaptándoas á instalación dispoñible e utilizando os recursos necesarios.
- Aceptar e respectar os diferentes grados de habilidade do grupo de traballo e cooperar na posta en práctica das actividades.

CONTIDOS

- A adaptación ó medio acuático: Familiarización, respiración, flotación e propulsión.
- Adaptación das capacidades coordinativas ás situacións de execución.
- Execución de tarefas e actividades experimentando e vivenciando as diferentes fases no aprendizaxe dos desprazamentos no medio acuático.
- Xogos no medio acuático.
- Coñecemento de distintos plantexamentos de actividades en piscinas segundo as idades e as instalacións, en función dos fundamentos da natación.
- Utilización do material e instalacións.
- Utilización dos distintos tipos de piscinas e vasos.
- Disposición favorable a cooperación e colaboración no traballo en grupo.
- Disposición favorable á auto esixencia e superación dos propios límites.
- Colaboración no transporte e manipulación do material, así como no coidado e mantemento do mesmo.

TEMPORALIZACIÓN

Sesións do mércores e xoves no 1º trimestre na Piscina cuberta de Sar

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Describir as situacións de risco que se poden presentar no desenvolvemento das actividades acuáticas indicando as axudas necesarias.
- Programar actividades e tarefas analizando a súa dificultade e adecuación ó medio acuático tendo en conta a axuda necesaria para a súa execución.
- Definir as características do material específico, auxiliar e alternativo e as instalacións necesarias.
- Elaborar programas de animación na auga para grupos de persoas dunhas características dadas en base ós fundamentos da natación.

ACTIVIDADES DE E/A E XUSTIFICACIÓN

Traballarase os catro bloques dos fundamentos da natación: familiarización, flotación, respiración e propulsión, para sobre esta base derivar estes coñecementos ata os estilos da natación.

O principio farase unha exposición teórica dos fundamentos para posteriormente poñelos en práctica na piscina mediante xogos, exercicios, propostas didácticas, etc... Así, dende un traballo de habilidades básicas acuáticas e coordinativas de familiarización, como formación transversal da unidade didáctica, seguiremos coa flotación para mantermos na posición correcta na auga e dende aí saber respirar sen perder esa posición de hidrodinámica adecuada e posteriormente aprender a propulsarnos para avanzar axeitadamente aplicando unha acción correcta co principio de sustentación no que se fundamenta a elevación do corpo cara a adiante e cara a arriba.

MATERIAIS E RECURSOS NECESARIOS PARA A SÚA REALIZACIÓN

- Instalación: Piscina cuberta de Sar e Santa Isabel (Santiago de Compostela)
- Material: Flotadores (churros, pull-boys...), tablas, aros, balóns, pelotas de ping-pong etc.
- Ordenador con canón proxector.
- Powerpoint + soporte informático.
- Apuntes-esquemas.
- Documentación gráfica na plataforma Google classroom.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E A SÚA XUSTIFICACIÓN

Os alumnos deberán investigar e levar á práctica xogos de iniciación sobre los diferentes aspectos tratados na unidade didáctica, que serán observados e avaliados polos compañeiros e o profesor tendo en conta os obxectivos e o seu carácter motivante para a aprendizaxe. Estes xogos estarán organizados en sesións que deseñarán e levarán a cabo en grupos de 3, cunha duración de 30 minutos por sesión e en base a uns obxectivos e contidos dados a cada grupo polo profesor.

Tamén se realizará un exame teórico con preguntas curtas e tipo test para valorar o grado de adquisición dos conceptos teórico-prácticos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Lista de asistencia.
- Caderno do profesor.
- Exame teórico para conceptos.
- Lista de control para avaliación cualitativa - procedementos.
- Ficha de sesión a deseñar e levar a cabo co resto do grupo.

UD 3.- ACTIVIDADES ATLÉTICAS 1

RESULTADOS DE APRENDIZAXE QUE SE TRATAN

- Analizala complexidade, a dificultade e as técnicas de execución máis eficaces para a resolución das diferentes tarefas motrices do atletismo, ximnasia e natación, entre outros, describindo as fases de execución dos diferentes movementos técnicos.
- Enumerar e describilos exercicios de acondicionamento físico, tarefas para o desenvolvemento das habilidades básicas e específicas e xogos xerais e predeportivos que se podan aplicar ás actividades físico–deportivas individuais.
- Elaborar programas de ensinanza–animación de actividades físico–deportivas individuais para grupos de persoas dunhas características dadas.
- Indicalos recursos que se poden utilizar para motiva–la persoa ou grupo participante e dar soporte ó proceso de ensinanza/aprendizaxe do atletismo, natación e ximnasia.
- Demostrala forma de execución dos diferentes movementos técnicos, indicando os erros de execución máis frecuentes a partir dun modelo biomecánica mente óptimo das distintas actividades deportivas individuais.
- Describilas situacións de risco que se poden presentar no desenvolvemento das actividades deportivas individuais indicando as axudas necesarias.
- Avalialo proceso de ensinanza–aprendizaxe das actividades físico–deportivas individuais indicando tódolos parámetros que hai que ter en conta: obxectivos, actitude fronte ó grupo, contido, posición do animador...
- Interpretar correctamente as regras básicas dos deportes individuais, xustificando as posibles adaptacións destes ás necesidades dos usuarios.
- Definilas características do material específico, auxiliar e alternativo e as instalacións necesarias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer os diferentes aspectos técnicos e tácticos da marcha, a carreira, as saídas, as vallas e os relevos así como o regulamento que rexe a práctica e competición destas probas atléticas.
- Mellorar e combinar as habilidades motrices como base para utilizar as técnicas e destrezas específicas máis axeitadas a calquera situación motriz.
- Analiza–la complexidade, a dificultade e as técnicas de execución máis eficaces para a resolución das diferentes tarefas motrices do atletismo, describindo as fases de execución dos diferentes movementos técnicos tratados.

- Programar actividades e tarefas analizando a dificultade das diferentes técnicas e adecuándoas ás características dos individuos ós que van dirixidos, tendo en conta o material e a instalación da que se dispón.
- Analizar, coñecer e corruxir os aspectos técnicos dos desprazamentos atléticos.
- Prever e valorar as situacións de risco que se poden presentar no desenrolo das actividades, adaptando si fora necesario o regulamento as necesidades dos participantes.
- Aceptar e respectar as opinións dos demais, así como os diferentes grados de habilidade entre as persoas.

CONTIDOS

- Fundamentos básicos do atletismo.
- Fundamentos das carreiras e adaptación dos seus parámetros as características dos clientes.
- As diferentes probas de carreiras no atletismo. As vallas: carreiras que as utilizan. Os relevos cortos e largos.
- Coñecemento das técnicas e tácticas nas probas tratadas.
- Adaptación das capacidades coordinativas ás situacións de execución.
- Execución os xestos técnicos propios das probas tratadas.
- Observación das execucións sacando consecuencias lóxicas dos posibles erros e aportando actuacións posibles para a súa corrección.
- Realización de actividades dirixidas ata a facilitación dos aprendizaxes.
- Regulamentos das distintas modalidades e competicións.
- Instalacións e materiais: características.
- Técnicas básicas das carreiras: exercicios de aplicación e asimilación, progresións, xogos predeportivos e aproveitamento lúdico.
- Aceptación dos diversos niveis de habilidade motriz e condición física propios e dos compañeiros.
- Colaboración no transporte e manipulación do material, así como no coidado e mantemento do mesmo.

TEMPORALIZACIÓN

Sesións dos venres no 1º trimestre no Estadio Universitario de Atletismo de Santiago.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Expoñer e analizar as técnicas de execución máis eficaces da carreira, a marcha, os relevos e as vallas describindo as fases de execución dos diferentes movementos técnicos.
- Demostrar a forma de execución dos diferentes movementos técnicos, indicando os erros de execución máis frecuentes a partir dun modelo biomecánico óptimo e aplicar exercicios de corrección.
- Describir as situacións de risco que se poden presentar no desenvolvemento das actividades, indicando as axudas necesarias.
- A partir dunha situación concreta, elaborar programas de ensinanza-animación das carreiras, marcha, os relevos e as vallas.
- Indicar os recursos que se poden utilizar para motivar a persoa ou grupo participante e dar soporte o proceso de ensinanza aprendizaxe.

ACTIVIDADES DE E/A E XUSTIFICACIÓN

Os alumnos realizarán exercicios para as execucións técnicas das distintas modalidades atléticas (dende o simple aprendizaxe da técnica de carreira ata a maior modificación da súa técnica no paso de obstáculos, ou diversas aplicacións da mesma segundo os requirimentos así o esixan).

Traballarán tamén nesta primeira unidade didáctica (pretemporada) o aspecto físico do atletismo como o traballo de gradas, costas, multisaltos, etc..., combinando así técnico e físico.

Traballarán con fichas de traballo para a aprendizaxe das distintas técnicas atléticas e a súa vez utilizarase tamén como avaliación recíproca (ver actividades de avaliación).

MATERIAIS E RECURSOS NECESARIOS PARA A SÚA REALIZACIÓN

- Instalación: Estadio Universitario de Atletismo de Santiago.
- Material: Vallas (de iniciación, medianas e grandes...), testigos, picas, aros, etc.
- Ordenador con canón proxector.
- Powerpoint + soporte informático.
- Apuntes-esquemas.
- Documentación gráfica.
- Canutillo de apuntes.
- Fichas de observación-co avaliación.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E A SÚA XUSTIFICACIÓN

Avaliaranse os aprendizaxes a nivel cualitativo mediante distintas execucións técnicas nos exercicios realizados, valorando así a execución, a progresión, o

esfuerzo realizado. Realización dunha proposta práctica de xogos adaptados a unha fase do proceso de iniciación deportiva co desenvolvemento das Capacidades perceptivo motrices coma o contido a traballar.

Entrega de fichas de traballo en onde os alumnos realizarán unha análise das execucións técnicas das distintas modalidades atléticas (dende o simple aprendizaxe da técnica de carreira ata a maior modificación da súa técnica no paso de obstáculos, ou diversas aplicacións da mesma segundo os requirimentos así o esixan) e outros compañeiros (en tríos --"executa-observa-anota") anotaran se fan os xestos ou fases técnicas cun "si" ou "non" (avaliación recíproca), sendo estas fichas así avaliativas, e a súa vez formativas tamén, xa que mentres observan para avaliar en grupos tamén aprenden os aspectos técnicos.

Tamén se realizará un exame teórico con preguntas test e curtas para valorar o grado de adquisición dos conceptos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Lista de asistencia.
- Caderno do profesor.
- Proba teórica con preguntas test e curtas.
- Lista de control para avaliación cualitativa - procedementos.
- Fichas de observación co avaliación ou avaliación recíproca.

UD 4. – A COMBA

RESULTADOS DE APRENDIZAXE QUE SE TRATAN

- Analizala complexidade, a dificultade e as técnicas de execución máis eficaces para a resolución das diferentes tarefas motrices describindo as fases de execución dos diferentes movementos técnicos.
- Enumerar e describilos beneficios que sobre o organismo ten a practica deste deporte.
- Coñecer e describir os aspectos referentes as capacidades motrices que se requiren na actividade e as habilidades básicas e específicas.
- Elaborar documentos que servan para levar a cabo una actividade como esta en ámbitos recreativos ou de mellora das capacidades físicas e coordinativas.
- Indicalos recursos que se poden utilizar para motiva-la persoa ou grupo participante e dar soporte ó proceso de ensinanza/aprendizaxe do salto con comba
- Demostrala forma de execución dos diferentes movementos técnicos, indicando os erros de execución máis frecuentes a partir dun modelo biomecánicamente óptimo das distintas actividade deportiva.
- Definilas características do material específico.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer e utilizar capacidades perceptivas como base das habilidades básicas.
- Realizar coordinacións de movementos complexos, localizando e exercendo control corporal sobre as distintas partes do corpo.
- Participar de forma activa nas actividades que se plantexen e cooperar co grupo para lograr un clima de diálogo que permita chegar a conclusións válidas.
- Analizala complexidade e dificultade das técnicas de execución máis eficaces para a resolución das diferentes tarefas motrices da ximnasia, describindo as fases de execución dos diferentes movementos técnicos tratados.
- Coñecer e poñer en práctica a importancia das axudas ao executante coma medio facilitador da aprendizaxe.

CONTIDOS

- Concepto de comba no seu ámbito recreativo e competitivo.
- As modalidades de “jump rope”

- Regulamento das probas de ximnasia.
- Características dos materiais
- Progresións metodolóxicas de aprendizaxe ós diferentes saltos

TEMPORALIZACIÓN

- Aceptar e respectar as opinións dos demais, así como os diferentes grados de habilidade entre as persoas.

CONTIDOS

- Fundamentos básicos do atletismo: Os Lanzamentos (peso, disco, xabalina, martelo)
- Xogos aplicados a modalidade atlética a tratar.
- Regulamentos das distintas modalidades e competicións.
- Instalacións e materiais: características.
- Técnicas básicas dos lanzamentos: exercicios de aplicación e asimilación, progresións, xogos predeportivos e aproveitamento lúdico.

TEMPORALIZACIÓN

Sesións dos luns no 3º trimestre no Estadio Universitario de Atletismo de Santiago.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer os diferentes aspectos técnicos e tácticos dos lanzamentos, así como o regulamento que rexe a práctica e competición destas probas atléticas.
- Expoñer e analizar as técnicas de execución máis eficaces das diferentes modalidades de lanzamentos describindo as fases de execución dos diferentes movementos técnicos.
- Identificar e relacionar xogos e exercicios de aplicación e de asimilación ás distintas modalidades atléticas tratadas.
- Identificar e relacionar os exercicios de acondicionamento físico, tarefas para o desenrolo das habilidades básicas e específicas e xogos xerais e predeportivos para que se poidan aplicar as actividades de saltos.

- Analiza—la complexidade, a dificultade e as técnicas de execución máis eficaces para a resolución das diferentes tarefas motrices do atletismo, describindo as fases de execución dos diferentes movementos técnicos tratados.
- Analizar, coñecer e corrixir os aspectos técnicos dos saltos atléticos.
- Programar actividades e tarefas analizando a dificultade das diferentes técnicas e adecuándoas ás características dos individuos ós que van dirixidos, tendo en conta o material e a instalación da que se dispón.
- Definir as características do material específico, auxiliar e alternativo e as instalacións necesarias.

ACTIVIDADES DE E/A E XUSTIFICACIÓN

Os alumnos realizarán exercicios para as execucións técnicas das distintas modalidades de lanzamento.

Realizaran xogos predeportivo e exercicios analíticos para a ensinanza das diferentes partes que conforman os lanzamentos e exercicios globais para a ensinanza das habilidades básicas que se utilizan en cada unha das partes nas que se segmentaron os lanzamentos, sempre tendo en conta que se pretende coñecer a técnica e que se intentan establecer coordinacións globais capaces dunha posterior transferencia ás habilidades específicas a tratar (Baryshnikov, O' Brien...)

Traballaremos así progresións técnicas empregando exercicios de asimilación técnica e fichas de corrección buscando a aprendizaxe do modelo técnico (partindo da variabilidade motriz); sendo este tipo de traballo válido para o aprendizaxe das distintas técnicas de lanzamento e a súa vez utilizarase tamén como avaliación recíproca que entendo é un método moi eficaz para estes alumnos con vistas o seu futuro profesional (ver actividades de avaliación). Na búsqueda do modelo técnico axeitado tamén empregaremos xogos, actividades lúdicas e recreativas e tamén a ensinanza recíproca .

MATERIAIS E RECURSOS NECESARIOS PARA A SÚA REALIZACIÓN

- Instalación: Estadio Universitario de Atletismo de Santiago
- Material: picas, aros, Pesos, discos, martelos, xabalinas...
- Ordenador con canón proxector.
- Powerpoint + soporte informático.
- Apuntes-esquemas.
- Documentación gráfica.
- Canutiño de apuntes.
- Fichas de observación técnica.

- Fichas de observación-co avaliación.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E A SÚA XUSTIFICACIÓN

Avaliaranse os aprendizaxes a nivel cualitativo mediante distintas execucións técnicas nos exercicios realizados, valorando así a execución, a progresión, o esforzo realizado... e tamén mediante a entrega de fichas de traballo en onde os alumnos realizarán as execucións técnicas das distintas modalidades atléticas (dende o simple aprendizaxe da técnica de carreira ata a maior modificación da súa técnica no paso de obstáculos, ou diversas aplicacións da mesma segundo os requirimentos así o esixan nos saltos, lanzamentos...) e outros compañeiros (en tríos --"executa observa- anota") anotarán se fan os xestos ou fases técnicas cun "si" ou "non" (avaliación recíproca), sendo estas fichas así avaliativas, e a súa vez ,formativas tamén, xa que mentres observan para avaliar en grupos tamén aprenden os aspectos técnicos.

Así pois, tamén se considerará a valoración cuantitativa nunhas probas de lanzamento de peso e xabalina ó principio da unidade didáctica, e serán medidos tamén ó traballar todos estes fundamentos dos lanzamentos para ver a melloría acadada, e, en función dela obter así unha valoración a nivel cuantitativo.

Tamén se realizará un exame teórico para valorar o grado de adquisición dos conceptos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Lista de asistencia.
- Caderno do profesor.
- Exame teórico para - conceptos.
- Lista de control para avaliación cualitativa – procedementos.
- Escala descritiva – de darse o caso (complemento á lista de control).
- Proba/s física/s para avaliación cuantitativa - procedementos.
- Fichas de observación-coavaliación ou avaliación recíproca.

UD 10.- ACTIVIDADES XIMNÁSTICAS 3

RESULTADOS DE APRENDIZAXE DO CURRÍCULO QUE SE TRATAN

- Analizala complexidade, a dificultade e as técnicas de execución máis eficaces para a resolución das diferentes tarefas motrices do atletismo, ximnasia e natación, entre outros, describindo as fases de execución dos diferentes movementos técnicos.
- Enumerar e describilos exercicios de acondicionamento físico, tarefas para o desenvolvemento das habilidades básicas e específicas e xogos xerais e predeportivos que se podan aplicar ás actividades físico–deportivas individuais.
- Indicar e caracterizalos parámetros que deben considerarse para avalialo nivel de desenvolvemento motor, destreza, condición física e motivación, recoñecendo os distintos niveis de cada un deles nas actividades físico–deportivas individuais.
- Elaborar programas de ensinanza–animación de actividades físico–deportivas individuais para grupos de persoas dunhas características dadas.
- Indicalos recursos que se poden utilizar para motiva–la persoa ou grupo participante e dar soporte ó proceso de ensinanza/aprendizaxe do atletismo, natación e ximnasia.
- Demostrala forma de execución dos diferentes movementos técnicos, indicando os erros de execución máis frecuentes a partir dun modelo biomecánica mente óptimo das distintas actividades deportivas individuais.
- Describilas situacións de risco que se poden presentar no desenvolvemento das actividades deportivas individuais indicando as axudas necesarias.
- Avalialo proceso de ensinanza–aprendizaxe das actividades físico–deportivas individuais indicando tódolos parámetros que hai que ter en conta: obxectivos, actitude fronte ó grupo, contido, posición do animador...
- Interpretar correctamente as regras básicas dos deportes individuais, xustificando as posibles adaptacións destes ás necesidades dos usuarios.
- Definilas características do material específico, auxiliar e alternativo e as instalacións necesarias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer os diferentes aspectos técnicos e tácticos así como o regulamento que rexe a práctica e competición das diferentes probas de actividades ximnásticas.
- Analizala complexidade, a dificultade e as técnicas de execución máis eficaces para a resolución das diferentes tarefas motrices da ximnasia, describindo as fases de execución dos movementos técnicos tratados.

- Programar actividades e tarefas analizando dificultade das diferentes técnicas e adecuándoas as características dos individuos os que vai dirixidos, tendo en conta o material e a instalación de que se dispón.
- Demostrar a forma de execución dos diferentes movementos técnicos dos elementos ximnásticos tratados, indicando os erros de execución máis frecuentes a partir dun modelo óptimo e aplicar exercicios para a súa corrección.
- Analizar, coñecer e corrixir os aspectos técnicos dos elementos ximnásticos tratados.
- Avaliar o proceso de ensinanza–aprendizaxe das actividades físico–deportivas individuais tratadas indicando tódolos parámetros que hai que ter en conta: obxectivos, actitude fronte ó grupo, contido, posición do animador...
- Prever e valorar as situacións de risco que se poidan presentar no desenrolo das actividades, adaptando si fora necesario medidas para elo.
- Definilas características do material específico, auxiliar e alternativo e as instalacións necesarias.

CONTIDOS

- Progresións metodolóxicas de aprendizaxe dos elementos de actividades ximnásticas: equilibracions, xiros (no eixo transversal sen apoio de mans), saltos (do cabalo,...).
- Deseño e posta en práctica dun exercicio de ximnasia de dificultade libre.
- Utilización das axudas nas distintas progresións.
- Práctica das modalidades de ximnasia con e sen aparellos (acrosport, composicións ximnásticas, etc.)
- Instalacións e materiais: características.

TEMPORALIZACIÓN

Sesións dos martes no 3º trimestre no Pavillón Polideportivo de Vite (Santiago)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer os diferentes aspectos técnicos e tácticos así como o regulamento que rexe a práctica e competición das diferentes probas de actividades ximnásticas.
- Analizar a complexidade, a dificultade e as técnicas de execución máis eficaces para a resolución das diferentes tarefas motrices da ximnasia, describindo as fases de execución dos movementos técnicos tratados.
- Programar actividades e tarefas analizando dificultade das diferentes técnicas e adecuándoas as características dos individuos os que vai dirixidos, tendo en conta o material e a instalación de que se dispón.

- Analizar, coñecer e corrixir os aspectos técnicos dos elementos ximnásticos tratados.
- Avaliar o proceso de ensinanza–aprendizaxe das actividades físico–deportivas individuais tratadas indicando tódolos parámetros que hai que ter en conta: obxectivos, actitude fronte ó grupo, contido, posición do animador...
- Prever e valorar as situacións de risco que se poidan presentar no desenvolvemento das actividades, adaptando si fora necesario medidas para elo.

ACTIVIDADES DE E/A E XUSTIFICACIÓN

Os alumnos realizarán exercicios para as execucións técnicas das distintas modalidades ximnásticas (desde o simple aprendizaxe da técnica elemental ata a maior modificación cara a súa aplicación segundo os requirimentos así o esixan).

Aplicarei así actividades e tarefas de carácter definido mediante a instrución directa debido o mencionado risco físico na realización das destrezas ximnásticas que pode ter de cara a lesións nos alumnos (execución de saltos mortais...)

Traballarán con fichas de traballo – corrección técnica para a aprendizaxe das distintas técnicas ximnásticas e a súa vez utilizarase tamén como avaliación recíproca (ver actividades de avaliación).

MATERIAIS E RECURSOS NECESARIOS PARA A SÚA REALIZACIÓN

- Instalación: Pavillón Polideportivo de Vite (Santiago)
- Material: Colchonetas, quitamedos, plintos, reuterres, pelotas, bancos suecos...
- Retroproyector – transparencias.
- Ordenador con canón proyector.
- Powerpoint + soporte informático.
- Apuntes-esquemas.
- Documentación gráfica.
- Fichas de corrección de erros técnicos.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN E A SÚA XUSTIFICACIÓN

Avaliaranse os aprendizaxes a nivel cualitativo mediante distintas execucións técnicas no exercicios realizados, valorando así a execución, a progresión, o esforzo realizado..., tamén mediante a entrega de fichas de traballo en onde os alumnos realizarán as execucións técnicas das distintas modalidades ximnásticas e outros compañeiros (en tríos "executa-observa-anota") anotarán se fan os xestos ou fases técnicas cun "sí" ou "non" (avaliación recíproca), sendo estas fichas así avaliativas, e a súa vez , formativas tamén, xa que

mentres observan para avaliar en grupos tamén aprenden os aspectos técnicos.

Deseño, práctica e realización dun exercicio de entre 1 e 1,5 minutos de duración onde o alumno integre diferentes habilidades propias da ximnasia mezclando equilibrios, volteos e xiros, saltos, etc... con elementos de enlace.

Tamén se realizará un exame teórico para valorar o grado de adquisición dos conceptos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Lista de asistencia.
- Caderno do profesor.
- Exame teórico para - conceptos.
- Lista de control para avaliación cualitativa – procedementos.
- Escala descritiva – de darse o caso (complemento á lista de control).
- Escala gráfica para valorar o resultado das probas.
- Proba/s física/s para avaliación cuantitativa - procedementos.
- Fichas de observación-coavalación ou avaliación recíproca.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

.

Os **mínimos exigibles** son:

- Coñecer as capacidades perceptivo motrices e como poder traballas en grupos reducidos.
- Coñecer as posibilidades de mobilidade do seu corpo nos distintos eixos e planos de movemento.
- Coñecer e realizar os diferentes elementos técnicos da ximnasia artística, a natación a comba e o atletismo.
- Elaborar programas de ensinanza- animación en relación cas habilidades deportivas tratadas.
- Recoñecer e corrixir os principais erros técnicos nas principais modalidades técnicas dos deportes tratados.
- Prever os riscos nas diversas actividades deportivas tratadas.

Os **criterios de avaliación** serán os seguintes:

- Expoñer e analizar as técnicas de execución, máis eficaces, das diferentes modalidades do atletismo, natación comba deportiva e actividades ximnásticas tratadas, describindo as fases de execución.
- Demostrar a forma de execución dos diferentes movementos técnicos dos deportes tratados (atletismo, natación, comba e ximnasia), indicando os erros de execución máis frecuentes a partir dun modelo óptimo e aplicar exercicios para a súa corrección.
- Definir as características do material e instalacións necesarias para a práctica destes deportes coidando de realizar as accións precisas para minimizar o risco.
- Describir as situacións de risco que se poden presentar no desenvolvemento das actividades indicando as axudas necesarias.
- Expoñer e analizar as distintas habilidades acuáticas, atléticas e ximnásticas básicas e de combas.
- Identificar e relacionar xogos e actividades para a familiarización, a flotación, a propulsión e a respiración.
- A partir dunha situación concreta elaborar programas de ensinanza-animación para habilidades atléticas, de comba e ximnásticas.
- Aplicar o regulamento das diferentes habilidades atléticas, acuáticas e ximnásticas tratadas, xustificando as posibles adaptacións de estas.

- Practicar, animar e dinamizar distintas modalidades recreativas en relación cas habilidades deportivas tratadas (exemplo: acuapark-animación acuática, acrosport recreativo...)

Os criterios de cualificación dos alumnos serán:

- 25% Actitudes (traballo na clase, puntualidade, motivación...)
- 30%Conceptos (exames escritos, elaboración dun portfolio e exposicións orais)
- 30% Procedementos (Prácticos das distintas modalidades deportivas individuais tratadas)
- 15% Asistencia. A partir de dos faltas sen xustificar se resta 0,25 por cada falta a maiores.

Para poder obter a media será necesario ter un mínimo do 25% en cada parte agás na asistencia.

6. Metodoloxía didáctica

Cada unha das unidades didácticas inclúe tanto sesións teóricas coma sesións prácticas.

En todo momento, intentarase implicar ó alumno, ben fomentando debates nas clases teóricas coma nas sesións de tipo práctico, onde incluso por grupos, os alumnos levarán á práctica a dirección de sesións deseñadas por eles mesmos.

Nas horas teóricas, avanzarase na teoría propia de cada deporte (regulamento, nocións básicas de cada xesto técnico...), ademais de ver vídeos, transparencias... así como elaboración de traballos por parte dos alumnos.

Utilizarase a práctica masiva, tendo en conta que as tarefas non requiren gran esforzo físico. A organización do grupo intentarase facer de forma variada: individual, en grupo, parellas; favorecendo o traballo en equipo e a coeducación. Ademais potenciaremos os grupos homoxéneos de modo que os alumnos avantaxados axuden ós seus compañeiros.

Os métodos de ensinanza serán variados, en función dos contidos a desenvolver, utilizando tanto estilos de tipo directivo (instrución directa, asignación de tarefas) coma estilos de búsqueda (descubrimento guiado, resolución de problemas). Cando sexa necesario, faranse grupos de nivel para acadar unha mellora significativa nos contidos máis técnicos ou que presentan maiores dificultades para o alumnado. Cando as tarefas a desenvolver sexan complexas tecnicamente e encerren algún perigo, cando interese un bo rendemento do mecanismo de execución e cando nos enfrontemos a habilidades de tipo pechado, empregaranse plantexamentos baseados na recepción, estilos nos que as decisións as tome o profesor/a (mando directo, asignación de tarefas), tarefas de tipo definido e semidefinido, así coma estratexias na práctica de tipo analítico. Pola contra, cando se realicen habilidades de tipo aberto (nas que o mecanismo de percepción e de decisión son fundamentais), cando interese máis o proceso que o produto e cando o obxectivo buscado sexa a autonomía do alumno/a e o desenvolvemento da súa creatividade optaremos por plantexamentos centrados no descubrimento, estilos nos que os alumnos/as tomen decisións (inclusión, descubrimento guiado e resolución de problemas), tarefas de tipo semidefinido e non definido, e estratexias na práctica intermedias (sobre todo global con modificación da situación real e global con polarización da atención) e globais puras.

Con respecto os aspectos organizativos, a ocupación racional do espazo será un aspecto a ter en conta nas sesións. Para elo incidiremos na colocación do material e nas informacións previas que se den antes das actividades.

Os alumnos/as responsabilizaranse do reparto de material e da recollida do mesmo. Daráselle prioridade ó traballo por grupos (sen esquecer, por suposto, o traballo individual cando as circunstancias o requiran). Este feito non se produce unicamente por condicionantes de tipo material senón tamén polos

obxectivos educativos que se pretenden abordar: carácter socializador, colaboración, axudas, confrontación de opinións e desenvolvemento do sentimento de pertenza ó grupo, aspecto importante na adolescencia.

Respecto á formación de grupos optamos por unha estratexia mixta na que se combinan a libre decisión dos alumnos/as, coas decisións do docente, para formar grupos nos que se poidan dar situacións de heteroxeneidade ou homoxeneidade, en función de se nos interesa que existan situacións de axuda e colaboración na aprendizaxe dentro do grupo; fomento de actitudes de cooperación; busca de integración de alumnos/as, ou ben se queremos situación de competición en igualdade, etc...

A comunicación entre o alumno-profesor será bidireccional. Os canais a empregar para o intercambio de información serán verbais, visuais e kinestésico-táctil.

Algúns dos aspectos máis importantes nesa comunicación co alumno/a son:

- Informar ó alumno/a de aquilo que estimemos que debe ser corrixido, pero expresándoo de maneira que implique un reforzo para o alumno/a.
- Evitar a información redundante.
- Dar información con contido e útil.

7. Procedemento para a recuperación das partes non superadas.

a) Procedemento para definir as actividades de recuperación.

As actividades de recuperación son aquelas actividades destinadas a aqueles alumnos que non lograron superar os obxetivos didácticos das unidades didácticas e teñen carácter obrigatorio.

- Plan de recuperación para os alumnos que promocionen ca asignatura suspensa:

Os alumnos de 2º TAFAD que teñan a asignatura suspensa deberán poñerse en contacto co profesor para acordar as datas dos exames teórico-prácticos de recuperación.

- Plan de recuperación para alumnos coa avaliación suspensa dentro do mesmo curso:

En caso de ter unha avaliación suspensa, o alumno fará unha proba ou examen teórico-práctico cando o determine o profesor, onde demostre a consecución dos aprendizaxes mínimos exixibles das UD's vista nese trimestre. Hasta un total de tres probas por curso.

- Plan de recuperación para alumnos con perda de avaliación continua:

Para alumnos con un número de faltas inxustificadas maior o 10% do número total de clases, deberán ir a proba extraordinaria de xuño que consistirá nunha proba o examen teórico-práctico con contidos do conxunto das UD desenroladas no curso.

b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua.

Haberá unha proba teórica na que o alumno deberán demostrar contidos teóricos sobres as unidades vistas durante o curso.

Unha proba práctica na que executará os xestos técnicos de natación, atletismo, comba e ximanasia. Tamén realización de progresións para a ensinanza das diferentes habilidades.

Para considerar superado o módulo desde esta proba extraordinaria, o alumnado deberá obter un 5 na teoría e un 5 na práctica.

8. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

1.- Faranse reunións de departamento periódicas para o seguimento da programación didáctica do módulo.

2.-Na reunión farase unha valoración xeral das actividades de ensino-aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía, os resultados de avaliación obtidos e as oportunas medidas de axuste que se propoñen para a mellora da práctica docente.

3.-O remate do curso e con anterioridade ó 30 de Xuño, farase unha memoria cos datos xerais do curso e unha relación de propostas concretas e xustificadas de mellora para o vindeiro curso, especialmente no que afecta as instalacións, os recursos, as actividades, a metodoloxía, avaliación e a temporalización dos contidos.

Empregaremos os seguintes indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino: Indicadores de logro do proceso de ensino:

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Fixar un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado.				
2. Crear un conflito cognitivo que favorece a aprendizaxe.				
3. Motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguir a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contar co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Manter un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Atender axeitadamente á diversidade do alumnado.				
8. Utilizar distintos instrumentos de avaliación.				
9. Valorar realmente a observación do traballo na aula.				
10. Valorar axeitadamente o traballo participativo do alumnado				
1 indica logro mínimo ou inexistente; 2, logro baixo; 3, logro importante; e 4, o logro total desexado.				

E os seguintes indicadores para avaliar a práctica docente: Indicadores de logro da práctica docente:

INDICADORES DE LOGRO DA PRACTICA DOCENTE	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Explicar, como norma xeral, para todo o alumnado.				
2. Explicar individualmente a cada alumno e alumna cando o precise				
3. Elaborar actividades atendendo á diversidade.				

4. Utilizar distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
5. Combinar o traballo individual co traballo en equipo.				
6. Potenciar estratexias de animación á lectura.				
7. Potenciar estratexias de expresión e comprensión oral e escrita.				
8. Incorporar as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
9. Prestar atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
10. Corrixir rapidamente as probas e traballos				
11. Debater co alumnado sobre a corrección das probas e traballos				
12. Posibilitar que o alumnado visualice e comente os seus acertos e erros.				
13. Implicarse nas funcións de titoría e orientación.				
14. Adecuar os apoios e reforzos aos estándares de aprendizaxe.				
15. Avaliar a eficacia dos programas de apoio, reforzo e recuperación				
1 indica logro mínimo ou inexistente; 2, logro baixo; 3, logro importante; e 4, o logro total desexado.				

E importante tamén establecer unhas indicadores de logro para ver a grado de desenvolvemento da programación e tamén para valorar as necesidades de modificacións que fan falla. Para isto empregaremos a seguinte táboa:

INDICADORES DO GRAO DE DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN E DA NECESIDADE DE MODIFICACIÓNS REALIZAR MODIFICACIÓNS	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Respetar a secuenciación e temporalización previstas das unidades didácticas				
2. Respetar a secuenciación prevista dos estándares para cada unha das unidades.				
3. Respetar o grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
4. Seguir unha estratexia metodolóxica común en todo o departamento.				
5. Utilizar todos os materiais didácticos previstos.				
6. Utilizar o libro de texto como material didáctico fundamental.				
7. Respetar o plan de avaliación inicial fixado.				
8. Respetar as pautas xerais establecidas para o proceso de avaliación continua.				
9. Respetar os criterios establecidos para as recuperacións.				
10. Respetar os criterios establecidos para a avaliación final.				
11. Respetar os criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
12. Respetar os criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				

13. Respeitar os criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes.				
14. Establecer medidas de atención á diversidade cando eran necesarias				
15. Informar ao titor ou titora das dificultades na aprendizaxe do alumnado.				
16. Adecuar os exames aos estándares establecidos.				
17. Realizar as actividades complementarias previstas.				
18. Informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
19. Informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
20. Contribuír desde a materia ao plan de lectura do centro.				
21. Integrar as TIC no desenvolvemento da materia.				
22. Realizar un seguimento continuado do desenvolvemento da programación				
1 indica desenvolvemento mínimo ou inexistente; 2, desenvolvemento deficiente; 3, desenvolvemento aceptable; e 4, desenvolvemento esperado e desexado				

9. Medidas de atención á diversidade.

a) Procedemento para a realización da avaliación inicial.

Nas primeiras semanas de clase observaremos o nivel dos alumnos nas diferentes modalidades que se impartirán este ano. Tamén se pasará no primeiro día de clase un cuestionario para saber cal é a experiencia e coñecemento inicial do alumnado nos deportes individuais.

Non podemos responder de forma axeitada as necesidades dos alumnos se non coñecemos cales son estas, por elo realizaremos unha avaliación inicial que será o punto de partida para a proposta de diferentes medidas.

b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Entre os criterios que se utilizarán para atender á diversidade están:

- Organizar a sesión con diferentes grados de dificultade e niveles de execución.
- Diseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido.
- Utilizar actividades de libre elección por parte dos alumnos.
- Realizar actividades individuais, en gran grupo ou en pequeno grupo.
- Planificar actividades de reforzo nas horas que prevé o decreto lei.

Contemplanse as recomendacións do departamento de orientación para alumnos con TDAH unha vez que sabemos que contamos con algúns casos dentro do grupo.

10. Aspectos transversais.

a) Programación da educación en valores.

A educación en valores debe estar presente en todas nosas actuacións. Esta materia do ciclo permite traballar estes contidos. Dado o carácter de estes contidos partimos da idea de que todos serán traballados sempre, inda que nosa intención en este apartado é fixar aspectos concretos de algunhas unidades que programamos, que teñen máis afinidade con os temas e valores que pretendemos traballar, de esta forma aseguramos que aqueles aspectos que consideramos básicos non queden en meras intencións.

A continuación expoño os obxectivos con respecto a cada uno de eles e as formas e aportacións que desde nosa materia imos a realizar os mesmos:

- *A educación en respecto dos dereitos e liberdades fundamentais.*
Obxectivo: Recoñecer, valorar e poñer en práctica valores de convivencia, paz, solidariedade, liberdade e respecto.
- *A prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.*
Obxectivo: Prevenir e evitar calquera tipo de conflito e solucionalo de forma dialogada e pacífica sempre que se produza.
- *A igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.*
Obxectivo: concienciar sobre a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e a necesidade de recoñecer e aceptar diferencias fisiolóxicas.
- *A igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade:*
Obxectivo: Fomentar nos nosos alumnos e alumnas unha conciencia colectiva que lles leve a practicar a tolerancia.
- *Educación o consumidor.*
Obxectivo: Adquirir unha actitude crítica e responsable hacia o consumo e hacia os mensaxes dos medios de comunicación.

b) Actividades complementarias e extraescolares. Con respecto as actividades complementarias e extraescolares son aquelas que complementan o desenvolvemento da labor docente e a adquisición de contidos. Contribúan a formación integral do alumnado e a súa relación con entorno.

O longo do curso faranse actividades no medio natural de escalada, kayak e barranquismo, sendeirismo, surf... Inda está pendente a fecha de realización e tamén a empresa encargada para tales actividades.

Farase unha visita o clube de ximnasia acrobática Flic flac de Vigo no que se verán os métodos de traballo como complemento ás actividades ximnásticas

Visitarase o Inef de Bastiagueiro xunto cos alumnos de 2º curso e combinarase dita visita cunha actividade de surf como deporte individual no medio natural.

Colaborarase na organización do día da EF na rua xunto con Colef.

Programaranse charlas e coloquios con persoas que poidan aportar experiencia en prácticas relacionadas cos contidos traballados no curso ou que pola súa importancia contribúan a acadar os obxectivos plantexados no curso.

11. Modificacións propostas a programación do curso anterior.

Inclúese a actividade de comba deportiva como deporte individual psicomotriz xa que a lexislación deixa marxe a introducción de outros contidos que cumplan ditos requisitos. Dita incorporación xustifícase nun intento de incorporar actividades cunha demanda crecente na sociedade tanto no ámbito educativo como no recreativo ou de mantemento en ximnasios.

12. Bibliografía:

ARAUJO, C. (2004): Manual de axudas en ximnasia. Ed.paidotribo

BATALLA FLORES, A.(2002): Deportes individuales. INDE

ARAYA VARGAS G . Actividad física, ejercicio y deporte: conceptos.

CAMIÑA, F. (1994): Natacion. Cuadernos pedagógicos. Xunta de Galicia.

COLADO SSANCHEZ: Fitness acuático: una alternativa a las gimnasias de movimiento.

Varios: Diferenciación e conceptos entre deporte y actividad física.
Atletismo.com

HERNANDEZ, N. (2003): “Acerca del concepto Deporte”.

HORNILLOS BAZ, I. y TUIMIL LOPEZ, J. (1995): Habilidades atléticas. ED LEA.Santiago de compostela.

HUBICHE, JL. (1999): comprender el atletismo, su práctica. INDE

JOVER PEREZ, A. (1997): La natación y sus especialidades deportivas. MEC

LIMONES FLORIDO, JM (1995): Atletismo recreativo. Ed Esteban Sanz

MARTIN LORENTE, E. (1998): 1000 ejercicios ximnásticos con material fijo y móvil. Padiotribo.

MORENO MURCIA, JA (): La técnica en el waterpolo. Actividades acuáticas, educativas, recreativas y competitivas.

MORENO MURCIA, JA. (1998): -Bases metodológicas para el aprendizaje de las actividades acuáticas educativas. INDE.

SOLER VILA (2003): “La actividad acuática en la vejez, una práctica segura. I congreso internacional de actividades acuáticas. Murcia 2003.

VVAA (1998): Apuntes de clase Actividades Gimnásticas. INEF galicia.

VVAA (2005): Atletismo. MEC

Valero, a y conde, jl (2003): la iniciación al atletismo a través de los juegos. ED Aljibe

VVAA (2015): Actividade física y salud recomendaciones para la población. OMS

VVAA (2013): Recomendaciones mundiales sobre actividad física y salud para la población.

VVAA (2003) “La motricidad humana: un planteamiento para un desarrollo en el marco escolar. I Congreso Internacional de Actividades Acuáticas. Murcia.

VINUESA, M. y COLL, J. (1997): Tratado de atletismo. Ed Esteban Sanz

SENNERS, P. (2001): Didáctica del atletismo. INDE.

En Santiago de Compostela, a 21 de octubre do 2017

Asinado

Alvaro Rivas Ares